

MEDIDAS URXENTES APOIO Á EMPRESAS PARA PALIAR A CRISE DO ESTADO DE ALARMA POLO COVID19

SECTOR TURISMO

Liña de financiación a través de ICO e entidades financeiras para apoio ás empresas do sector turístico.

Traballadores fixos discontinuos de Turismo, hostalería e comercio con actividade produtiva entre febreiro e xuño que manteñan en alta durante os devanditos meses a ocupación dos traballadores con contratos de carácter fixo discontinuo, poderán aplicar unha bonificación nos devanditos meses do 50 por cento das cotas empresariais á Seguridade Social por continxencias comúns, así como polos conceptos de recadación conxunta de Desemprego, FOGASA e Formación Profesional.

Será de aplicación desde o 1 de xaneiro de 2020 ata o día 31 de decembro de 2020.

APRAZAMENTO DÉBEDAS TRIBUTARIAS

Aprazamentos aos que se refire o artigo 65 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria, concederáse o aprazamento do ingreso da débeda tributaria correspondente a todas aquelas declaracións-liquidacións e autoliquidacións cuxo prazo de presentación e ingreso finalice desde a data de entrada en vigor do presente real decreto-lei e ata o día 30 de maio de 2020, ambos inclusive.

As solicitudes presentadas ata esa data reunirán os requisitos aos que se refire o artigo 82.2.a) da Lei anterior.

Este aprazamento será aplicable tamén ás débedas tributarias ás que fan referencia as letras b), f) e g) do artigo 65.2 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Será requisito necesario para a concesión do aprazamento que o debedor sexa persoa ou entidade con volume de operacións non superior a 6.010.121,04 euros no ano 2019.

As condicións do aprazamento serán as seguintes:

- a) O prazo será de seis meses.
- b) Non se devindicarán intereses de demora durante o primeiros tres meses do aprazamento.

APRAZAMENTO EXTRAORDINARIO DO REEMBOLSO DE PRÉSTAMOS CONCEDIDOS POLA SECRETARÍA XERAL DE INDUSTRIA E DA PEQUENA E MEDIANA EMPRESA.

Os beneficiarios poderán solicitar o aprazamento do pago de principal e/ou intereses da anualidade en curso sempre que o seu prazo de vencemento sexa inferior a 6 meses, a contar desde a entrada en vigor deste real decreto-lei, cando a crise sanitaria provocada polo COVID-19 orixinase períodos de inactividade, redución no volume das vendas ou interrupcións na subministración na cadea de valor que lles dificulte ou impida atender ao pago da mesma.

Non poderán autorizarse modificacións do calendario nos seguintes casos:

- a) Que non exista unha afectación suficientemente acreditada que xustifique esa modificación.
- b) Que a empresa non estea ao corrente das súas obrigacións tributarias e coa Seguridade Social.
- c) Que a empresa teña débedas por reintegro de axudas ou préstamos coa Administración.
- d) Que a empresa non teña cumpridas as súas obrigacións de presentación de contas #ante o Rexistro Mercantil.
- e) Que o vencemento de débeda sexa consecuencia dun reintegro por incumprimento ou renuncia.
- f) Que no caso de proxectos que se atopen dentro do prazo de xustificación de investimentos, non exista un grao de avance suficiente e que non garanta o cumprimento dos obxectivos comprometidos na resolución de concesión.

MORATORIA DÉBEDA HIPOTECARIA PARA VIVENDA HABITUAL

Establécense medidas conducentes a procurar a moratoria da débeda hipotecaria para a adquisición da vivenda habitual de quen padece extraordinarias dificultades para atender o seu pago como consecuencia da crise do COVID-19, tanto para **traballadores desempregados ou empresarios** que sufran unha perda substancial dos seus ingresos ou unha caída substancial das súas vendas.

PRESTACIÓN EXTRAORDINARIA POR CESAMENTO DE ACTIVIDADE

Vixencia limitada ata o último día do mes en que finalice o estado de alarma, para os **traballadores por conta propia ou autónomos**, cuxas actividades queden suspendidas, en virtude do previsto no mencionado Real Decreto, ou cando a súa facturación no mes anterior ao que se solicita a prestación véxase reducida, polo menos, nun 75 por cento en relación coa media de facturación do semestre anterior.

Requisitos:

- Estar afiliados e en alta, na data da declaración do estado de alarma, no Réxime Especial da Seguridade Social dos Traballadores por Conta Propia ou Autónomos ou, Réxime Especial da Seguridade Social dos Traballadores do Mar.
- No caso de que a súa actividade non se vexa directamente suspendida acreditar a redución da súa facturación en, polo menos, un 75 por cento, en relación coa efectuada no semestre anterior.
- Acharse ao corrente no pago das cotas á Seguridade Social ou facer o pagamento para poñerse ao día

Contía: 70 por cento da base reguladora. Cando non se acredite o período mínimo de cotización para ter dereito á prestación, a contía da prestación será equivalente ao 70 por cento da base mínima de cotización.

Condicións:

- O tempo da súa percepción entenderase como cotizado e non reducirá os períodos de prestación por cesamento de actividade aos que o beneficiario poida ter dereito no futuro.
- A percepción será incompatible con calquera outra prestación do sistema de Seguridade Social.
- Os socios traballadores das cooperativas de traballo asociado que optasen polo seu encadramento como traballadores por conta propia no réxime especial que corresponda terán dereito igualmente a esta prestación extraordinaria, sempre que reúnan os requisitos establecidos neste artigo.

MECANISMOS DE AXUSTE TEMPORAL DE ACTIVIDADE PARA EVITAR DESPIDOS

Suspensión de contratos e redución de xornada por calquera causa provocada polo estado de alarma ou directamente polo virus COVID19 e considerada como forza maior. Tamén afecta a socios traballadores de cooperativas de traballo asociado e sociedades laborais incluídos no Réxime Xeral ou en algúns dos réximes especiais que protexan a continxencia. por desemprego.

As empresas de menos de 50 traballadores quedan exoneradas do abono da achega empresarial como tamén as cotas por conceptos de recadación conxunta, as de 50 ou mais traballadores exoneración do 75% mentres dure o período de suspensión temporal.

Os socios traballadores de sociedades laborais e cooperativas que teñan previsto cotizar pola continxencia de desemprego tamén poderán acollerse á prestación por desemprego.

GARANTÍAS DE LIQUIDEZ PARA SOSTER A ACTIVIDADE ECONÓMICA

Establécense liñas de avais a través del ICO para **empresas e autónomos** para paliar os efectos económicos desta crise (xestión de facturas, necesidade de circulante, vencementos de obrigacións financeiras ou tributarias, ou outras necesidades de liquidez).

LIÑAS EXTRAORDINARIAS DE COBERTURA ASEGURADORA

Créditos de circulante para compañías exportadoras (polo menos o 33% da súa cifra de negocio sexa negocio internacional ou empresas exportadoras regulares) para situacións que non sexan previas a crise.

CONTRATACIÓN PÚBLICA

Cando sexa necesario suspender un contrato dun servizo público, a entidade adxudicataria deberá facerse cargo dos danos e prexuízos sufridos pola empresa concesionaria (salarios, mantemento de avais ou garantías, alugueres, custos de mantemento de maquinaria, instalacións e equipos, pólizas de seguros).

MEDIDAS FINANCEIRAS DIRIXIDAS AOS TITULARES DE EXPLOTACIÓNS AGRARIAS QUE SUBSCRIBIRAN CRÉDITOS POLA SITUACIÓN DE SECA DE 2017

Prolongación de ata un ano o período de amortización dos préstamos subscritos. Os custos de esta ampliación serán financiados polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación.